



CONVOCATORIA DE PARTICIPACIÓN NO FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO E DE AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR.

NORMATIVA: ORDE do 10 de maio de 2023 (DOG do 19 de maio de 2023).

CÓDIGO DE PROCEDIMENTO: ED330B

DESTINATARIOS

- 1.- Alumnado de 1º e 2º de EP: axudas para a adquisición de libros de texto e de material escolar
- 2.- Alumnado de 3º a 6º de EP: fondo solidario de libros de texto e axudas para adquirir material escolar

OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

1. Devolver os libros de texto e o material reutilizable adquirido coas axudas para libros de texto ou recibido do fondo solidario no curso 2022/2023. Está excluído desta obriga o alumnado beneficiario de axuda para adquirir libros de texto de 1º e 2º de EP (agás que cambiase de centro antes do 31 de marzo de 2024, neste caso deberá devolver os libros no centro de orixe), o alumnado de EE ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65%, e o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo a que se refire a disposición adicional segunda, sempre que os libros ou o material adquirido non se poidan reutilizar.

A falta de devolución dos libros de texto, sexan do curso inmediato anterior ou de calquera outro, será causa de exclusión da participación no fondo solidario e das axudas para adquirir libros de texto e material escolar no curso 2023/24.

2. Conservar en bo estado os libros de texto e o material reutilizable recibido.
3. Destinar o importe do vale para libros a adquirir, única e exclusivamente, os libros de texto que indique o centro en que estea matriculado o alumnado.
4. Destinar o importe do vale para material, única e exclusivamente, a adquirir o material escolar que necesite.
5. Respetar as obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

1. Poderán presentar solicitudes os pais, nais, titores ou representantes legais do alumnado.
2. A solicitude será única para todos os/as fillos/as e, de ser o caso, tutelados/as, que estean admitidos no mesmo centro docente para o curso 2023/24. No caso de que a solicitude se tramite por vía electrónica empregando a aplicación fondolibros será necesaria a presentación dunha solicitude por cada alumno/a aínda que estean no mesmo centro.

4. As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado (ED330B-anexos I e II) dispoñibles na aplicación informática «fondolibros» (<https://www.edu.xunta.gal/fondolibros/>), a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal/portada>

Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente na secretaría do centro ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Para a presentación de solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluíndo o sistema de usuario e Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

4. O formulario de solicitude (anexo I e anexo II) estará dispoñible na páxina web do centro e:

a) No portal educativo, enderezo <http://www.edu.xunta.gal>

b) Na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

5. A solicitude deberá estar asinada polo pai, nai, titor/a ou representante legal do alumnado.

PRAZO: DO 20 DE MAIO DE 2022 AO 21 DE XUÑO DE 2023 (ambos incluídos)

DOCUMENTACIÓN

A) Anexo I e Anexo II (comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar)

B) Fotocopia do DNI dos membros computables da unidade familiar.

C) Copia do libro de familia ou documento equivalente, onde figuren **todos os membros computables** (terase en conta a situación a 31 de decembro de 2021). En caso de separación ou divorcio, deberán achegar ademais a sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/da menor.

Nos casos en que a composición da unidade familiar non se axuste ao sinalado no artigo 4.1 da Orde, achegarase un certificado ou volante de convivencia onde deberán figurar o/a alumno/a e todos os familiares que convivan con el/ela, ou un certificado dos servizos sociais do concello que acredite a situación familiar.

D) Certificado de discapacidade do/a alumno/a ou calquera membro da familia non expedido pola Administración Autonómica.

D) Documentación xustificativa da situación de violencia de xénero no ámbito familiar, en calquera das formas que enumera o artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

E) Resolución xudicial de incapacitación con patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

F) Resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento ou do certificado do centro de menores, para o alumnado en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia.



G) Certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia, no caso de que o pai e a nai ou titor ou titores carezan de DNI e NIE.

2.- A documentación complementaria (que acompañe á solicitude) presentarse preferiblemente por vía electrónica. Opcionalmente, as persoas interesadas poderán presentar a documentación complementaria presencialmente no centro ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

3. En todo caso, os documentos deberán ser válidos e eficaces no momento da súa presentación, e reflectir a situación persoal, familiar e económica a 31 de decembro de 2021, agás cando unha sentenza de separación ou divorcio posterior a esa data atribúa a custodia a un dos proxenitores e nos casos de violencia de xénero, en que se aplicará o disposto na lexislación específica.

4. As persoas interesadas deberán achegar os documentos orixinais ou copias cotexadas. Cando a documentación se presente no centro, achegaranse fotocopias e os respectivos orixinais, para que a persoa que a reciba verifique a súa autenticidade.

SINATURAS

O anexo II deberá vir asinado polo resto dos membros computables da unidade familiar. No caso dos menores de idade deberá asinar un dos proxenitores, titores ou representantes legais dos mesmos.

ASIGNACIÓN DE LIBROS E CONTÍAS DAS AXUDAS

A asignación de libros de texto correspondentes aos cursos 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria que estean dispoñibles no fondo solidario do centro efectuarase por orde inversa á renda per cápita da unidade familiar do alumnado que participe no fondo solidario, ata que se esgoten as existencias.

Terá preferencia para esta adxudicación o alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65%, con independencia da renda.

Garántese:

- Ao alumnado con renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 €: seis (6) libros de texto.
- Ao alumnado con renda per cápita familiar superior a 6.000 € e igual ou inferior a 10.000 €: catro (4) libros de texto.
- Ao alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65%: seis (6) libros con independencia da renda.

A contía das axudas para adquirir libros de texto para o alumnado de 1º e 2º de E. P. será:

- Renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 €: 240 €
- Renda per cápita familiar superior a 6.000 € e igual ou inferior a 10.000 €: 160 €

- Ao alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65%: 240 €.

A contía das axudas para adquirir material escolar destinado a alumnado matriculado en EP e en ESO será a seguinte:

- Renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 €: 75 €
- Renda per cápita familiar superior a 6.000 € e igual ou inferior a 10.000 €: 60 €
- Ao alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65%: 75 €.

Segundo o artigo 30.2 da Orde do 10 de maio, con carácter xeral, o uso dos vales para adquirir libros de texto e material escolar deberá axustarse ás seguintes regras:

- a) Non se poderá empregar o vale de libros de texto para adquirir material escolar nin o vale de material escolar para adquirir libros de texto.
- b) No vale de libros de texto só se poderán incluír os libros de texto que teña establecido o centro para o curso correspondente. En ningún caso se poderán incluír outros materiais como dicionarios, libros de lectura, cadernos ou similares que se poden adquirir co vale de material escolar.

DATAS DE INTERESE

Prazo máximo para a devolución dos libros de texto do curso 2022-2023: 21 de xuño de 2023.

Prazo de solicitude: Do 20 de maio ao 21 de xuño de 2023.

Publicación das listaxes provisionais: 28 de xuño de 2023.

Prazo de reclamacións ás listaxes provisionais: 29 e 30 de xuño de 2023.

Publicación das listaxes definitivas: 3 de xullo de 2023.

Entrega de vales: 5 e 6 de xullo de 2023 en horario de 10:00 a 13:00 horas na secretaría do centro.

Setembro: Entrega de vales ás familias que non os poidan recoller en xullo e entrega dos libros do fondo. As datas de entrega serán publicadas en setembro na páxina web do centro.

NOTA

O alumnado de 6º deberá entregar a solicitude no centro no que estea admitido para cursar 1º de ESO o vindeiro ano académico 2023-2024. No caso de que aínda non estea admitido en ningún IES, deberá presentala no centro no que estea matriculado en 6º de E.P. O centro rexistrará a solicitude e enviaraa ao centro de destino no que o alumno/a resulte admitido/a.

A Dirección